



# CONCELLO DE CASTROVERDE

## ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2018-2019

### *SOLICITUDE INSCRICIÓN*

Neno/a \_\_\_\_\_  
 Data de nacemento \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_  
 Teléfonos \_\_\_\_\_ e domicilio  
 en \_\_\_\_\_

Estou interesado/a en inscribirme á actividade de:

BALONMÁN

PATINAXE

JUDO

NATACIÓN

### *AUTORIZACIÓN PAIS/NAIS/TITORES*

Don/a \_\_\_\_\_

Con dni \_\_\_\_\_ pai/nai/titor/a de \_\_\_\_\_

AUTORIZO a \_\_\_\_\_ a asistir á/s  
 actividade/s sinalada/s anteriormente.

Así mesmo autorizo ó Director da entidade financeira que se detalla, para que me cargue  
 no seguinte número de conta a cantidade correspondente pola asistencia a dita/s  
 actividade/s:

IBAN:

--	--	--	--	--	--

Castroverde a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201....

Asdo.:.....





## INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RXPDP), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e dos do menor inscrito na actividade é o Concello de Castroverde, con enderezo na Praza do Concello, nº 2, CP 27120, en Castroverde (Lugo). A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais e os do menor é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais e os do menor serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade solicitada. Nin os seus datos nin os do menor se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos e/ou os do menor, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do concello sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa no enderezo electrónico: [info@concellodecastroverde.com](mailto:info@concellodecastroverde.com)

**Tratamento de datos de saúde:** en determinados casos, coa finalidade de prestar correctamente os servizos e/ou actividades organizadas para menores por parte do concello, é preciso que tratemos datos relativos á saúde do seu fillo/a (enfermidades, lesións, medicación, alerxias alimentarias, trastornos de conducta e/ou discapacidades) polo que, en cumprimento da normativa vixente de protección de datos necesitamos o seu consentimento explícito e expreso para poder recoller e tratar os datos de saúde do seu fillo/a na prestación do servizo solicitado.

No caso de que, de ser estritamente necesario para a correcta prestación do servizo solicitado, non nos autorice expresamente ao tratamento dos datos relativos á saúde do seu fillo/a para a finalidade indicada, o Concello de Castroverde infórmalle que non poderá prestarlle os devanditos servizos de coidado de menores que nos solicita. Por todo elo, solicitámoslle que marque a casilla que se axuste aos permisos que quere darnos no relativo ao tratamento de datos de saúde do seu fillo/a.

- Sí, dou o meu consentimento expreso para que o **Concello de Castroverde** trate os datos relativos á saúde do meu fillo/a na prestación dos servizos de coidado de menores solicitados.
- Non dou o meu consentimento para que se traten os datos relativos á saúde do meu fillo/a no **Concello de Castroverde**.

**O Concello de Castroverde** infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado para o tratamento dos datos de saúde do seu fillo/a que nos outorgou, sen que elo anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron dende que se outorgou o consentimento ata que vostede nolo retirou.

**Envío de comunicacións,** do mesmo modo, para o envío de comunicacións informativas, ao seu número de teléfono móbil que nos facilita no presente documento, sobre información relativa á participación do seu fillo/a no servizo e/ou actividade (P. Ex. Ausencias, citas, etc..) precisamos o seu consentimento explícito, polo que lle solicitamos que marque a casilla que máis se axuste aos permisos que queira concedernos ao respecto.

- Sí, dou o meu consentimento para recibir comunicacións informativas sobre o servizo e/ou actividade organizada polo concello no número de teléfono móbil facilitado no presente documento, xa sexa a través de mensaxes de texto ou a través de aplicación de mensaxería instantánea.
- Non, non desexo recibir ningún tipo de información sobre os servizos e/ou actividades organizadas polo Concello no meu número de teléfono móbil.

*Agradecendo a súa colaboración, reciba un cordial saúdo,*

En Castroverde a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

*Devolver asinado polo representante legal do menor, en caso contrario no poderá participar na actividade indicada.*

Asdo,; \_\_\_\_\_

**(Nome, Apelidos e DNI do Pai, nai ou titor legal)**

Nome e Apelidos (Menor): \_\_\_\_\_

## INFORMACIÓN ADICIONAL DE PROTECCIÓN DE DATOS

### ¿Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?

Identidade: Concello de Castroverde - CIF: P-2701100-F

Dir. postal: Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castroverde (Lugo)

Teléfono: 982 31 20 80

Enderezo elect: [info@concellodecastroverde.com](mailto:info@concellodecastroverde.com)

Delegado de Protección de Datos: Computer-3, S.L.U.

Enderezo elect. Delegado de Protección de Datos.: [lopd@computer-3.com](mailto:lopd@computer-3.com)

### ¿Con que finalidades trata o concello os seus datos persoais?

**No Concello de Castroverde tratámoslos datos persoais dos menores participantes nas actividades do concello e os dos seus pais ou titores legais coa finalidade de:**

- Xestión administrativa interna, cobro dos servizos (cando proceda) e xestión fiscal e contable do concello.
- Xestionar correctamente o servizo de coidado de menores prestado polo concello nas súas instalacións.
- Envío de comunicacións informativas sobre a participación do seu fillo/a no servizo e/ou actividade organizada polo **Concello de Castroverde**.

### ¿Por canto tempo conservará o concello os seus datos?

Os datos persoais dos pais e/ou titores, así como os dos menores recollidos para o correcto desenvolvemento das actividades adicadas a menores, conservaranse mentres dure a actividade e a maiores durante un prazo de 5 anos.

Os datos relacionados coas comunicacións informativas conservaranse mentres dure o servizo e/ou actividade, sempre e cando non nos solicite o exercicio dos dereitos de supresión e/ou oposición sobre os datos vinculados a esta finalidade.

Igualmente, debido ás obrigas fiscais e contables do concello, os seus datos persoais, que se relacionen có cobro e contabilización da taxa que se cobre pola participación na actividade, conservaranse durante o prazo legal de 5 anos no que prescribirían as responsabilidades nesta materia do concello.

### ¿Cal é a lexitimación do concello para o tratamento dos seus datos?

A base legal para o tratamento dos seus datos persoais e/ou os do menor, incluídos os seus datos de saúde cando sexa preciso, para tódalas finalidades anteriormente indicadas é o consentimento expreso e explícito outorgado para elo polo pai, nai ou titor legal no momento da inscrición na actividade do menor e da firma do formulario de solicitude de inscrición, así como o cumprimento dunha obriga legal para o caso da xestión fiscal e contable do concello que implique o tratamento dos seus datos persoais.

Igualmente, a lexitimación para o envío de comunicacións informativas ao número de teléfono móbil facilitado no formulario de inscrición, é o consentimento explícito para elo que se facilitou nese intre.

### ¿A que destinatarios comunicarán os seus datos o concello?

**O Concello de Castroverde** comunicará os seus datos persoais a prestadores de servizos que actúen como encargados de tratamento do **Concello de Castroverde** cos que firmaron os correspondentes contratos de tratamento por encargo que garante a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos seus datos persoais e os do menor. Igualmente, no caso de existir algún tipo de obriga legal, o **Concello de Castroverde** procederá a realízalas cesións legais dos seus datos ás que legalmente se encontre obrigado..

### ¿Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos?

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si no **Concello de Castroverde** estamos tratando datos persoais que lle concirnan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos seus datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para as finalidades polas que foron recollidos.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso o **Concello de Castroverde** os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O **Concello de Castroverde** deixará de tratarlos datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados no se respectou por parte do Concello, Vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

(<https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphP.php>)